

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE MESTRES PARA IMPARTIR CLASES NA ESCOLA DE MÚSICA DO OA TERRA DE SANXENXO DURANTE O CURSO ESCOLAR 2018-2019.

PRIMEIRA. OBXETO DA CONVOCATORIA E CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS.

O obxecto da convocatoria é a selección e contratación laboral temporal de 14 MESTRES ESCOLA DE MÚSICA curso escolar:

Praza	2018-19
	Hs/semana
GUIARRA	12,0
LING MUSICAL	15,0
CLARINETE	9,0
TROMPA	4,5
ED. MUSICAL	12,0
VIOLONCELLO	5,0
FRAUTA	5,0
PERCUSIÓN	6,0
TROMBÓN	4,5
OBOE	4,5
PIANO	10,0
PIANO	12,0
SAXO	6,0
TUBA	4,5

O réxime contractual será laboral temporal, e por mor do curso escolar 2018 – 2019 (finansiase a través de programas públicos mediante consignacións presupuestarias anuais e non ten dotación económica estable). O comezo das clases da Escola de Música do OA Terra de Sanxenxo será o longo do mes de outubro de 2018 e durarán como máximo ata o 30 de xuño do 2019 (Curso escolar 2018-2019) - (duración aproximada).

A modalidade contractual será de duración determinada a tempo parcial para un servizo determinado, exercendo as funcións de profesores da Escola de Música, a contratación farase ó amparo do disposto no apartado 1 a), do art.15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

A retribución salarial e proporcional as horas de traballo, na nómina mensual retribúense tódolos conceptos prorrateados mes a mes, incluída a indemnización por cese.

SEGUNDA. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES

1) Para seren admitidos na realización destas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do

Estatuto do Empregado Público respecto do acceso ó emprego público de persoas doutra nacionalidade

- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non excederen, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír ou estar en condicións de obter o título académico de Grao medio (ou superior) esixido nas prazas ofertadas para cada materia especificada na base primeira para ingresar no posto o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

Titulación mínima exixida	Praza
Título profesional especialidade de Guitarra	GUITARRA
Título na especialidade de Pedagogía do linguaxe musical	LING MUSICAL
Título profesional especialidade de Clarinete	CLARINETE
Título profesional especialidade Trompa	TROMPA
Título Grado Maestro/a Ed.Musical ou Ed. Infantil ou primaria mención musical	ED. MUSICAL
Título profesional especialidade violoncello	VIOLONCELLO
Título profesional especialidade Frauta	FRAUTA
Título profesional especialidade Percusión	PERCUSIÓN
Título profesional especialidade Trombón	TROMBÓN
Título profesional especialidade Oboe	OBOE
Título profesional especialidade de Piano	PIANO
Título Profesional especialidade Piano	PIANO
Título Profesional especialidade Saxofón	SAXO
Título Profesional especialidade Tuba	TUBA

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto a que aspira.

e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario no que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

f) Ter ingresado na conta bancaria de ABANCA nº ES 74 2080 5061 47 3040010797 a cantidade de 17,99 euros fixada como dereitos de exame, na ordenanza municipal publicada no BOP de 15 de decembro de 2011. Aqueles aspirantes que presenten a tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.

g) Non ter delitos de natureza sexual, deberase presentar certificado delitos natureza sexual: <https://sede.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Sede/es/tramites/certificado-registro-central>

2) Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos na data da súa contratación.

TERCEIRA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, no que os/as aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte da convocatoria

dirixiranse o Sr. Presidente do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo de 9:00 á 13:00 horas, ou na sede electrónica do Concello, durante o prazo de 7 días naturais dende o día da publicación do correspondente anuncio nun dos periódicos de maior circulación da provincia (Dende o 21 de setembro ata o 27 de setembro de 2018, ámbolos dous inclusive).

Xuntarase coa instancia a seguinte documentación: fotocopia do D.N.I., copia da titulación que da acceso a convocatoria, currículo extenso e detallado, dos méritos que se aleguen deberán xuntar copia xunto ca folla de autobaremo (ANEXO I), documento que acredite o pago da taxa que da dereito de acceso a convocatoria ou demanda de emprego en vigor, no seu defecto (base 1ª.f), certificado delito natureza sexual.

Os documentos que se presenten na sede electrónica deberán estar correctamente escaneados e non poderán exceder de 10Mb.

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria quedarán automaticamente excluídos/as dista.

ALEGACIÓN E XUSTIFICACIÓN DE DOCUMENTACIÓN:

En ningún caso poderá ser valorada aquela documentación que non fose alegada e debidamente xustificada no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias.

CUARTA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPIRANTES

Realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, o proceso selectivo constará de tres fases:

4.1 Primeira fase: Concurso (máximo 3 puntos)

A puntuación dos méritos realizarase de acordo co correspondente baremo en función da documentación achegada polos aspirantes, non sendo obxecto da valoración aqueles méritos que non se tivesen presentado en tempo e forma.

O baremo que será utilizado para a cualificación dos méritos é o seguinte:

- a) Por te-lo Título Superior da especialidade, a que se presenta o aspirante 0,5 puntos.
- b) Por ter outras Titulacións Académicas en Música distintas as alegadas na solicitude 0,25 puntos.
- c) Por prestar servizos na Administración Pública, en posto de traballo relacionado co da presente convocatoria, 0,1 puntos por cada mes de traballo, ata un máximo de 1 punto.
- d) Por asistencia a cursos como activo, sobre materias relacionadas coa especialidade a que o aspirante se presenta, cunha duración superior ou igual ás 20 horas 0,15 por curso realizado ata un máximo de 0,75.
- e) Coñecemento do idioma galego:
 - Por curso de Iniciación:0,25 puntos
 - Por curso de Perfeccionamento:0,50 puntos

Só se puntuará o curso superior alegado e xustificado.

Os servizos prestados na Administración Pública acredítanse mediante a presentación de

certificados das Administracións correspondentes nas que se indique o tempo e posto de traballo desempeñado, ou mediante presentación do contrato de traballo.

As titulacións e os cursos acredítanse mediante a presentación de certificados ou diplomas acreditativos da súa realización, e sempre que sexan de organismos oficiais.

4.2 Segunda fase: Proba práctica (máximo 4 puntos)

Interpretación dunha obra ou movemento, sen a obrigatoriedade de pianista acompañante, a elixir polo intérprete de entre as obras orientativas para acceso a superior da súa especialidade; o Tribunal poderá interromper a interpretación no momento que considere oportuno.

Os aspirantes deberán acudir provistos de D.N.I., dos instrumentos musicais, agás o de piano e *percusión, a puntuación desta proba será de 4 puntos, sendo preciso para superala obter un mínimo de 2 puntos.

*Percusión: A proba práctica de Percusión constará de :

Unha obra ou movemento de Caixa

Unha obra ou movemento de láminas

Unha obra ou movemento de tímbrals

Para todos aqueles aspirantes a praza de Música e Movemento (mestre en Educación Musical ou Educación Infantil) e Linguaxe Musical, realizarán un suposto escrito para o desenvolvemento da súa actividade en 90 min de clase. Esta proba terá unha duración máxima de unha hora.

4.3 Terceira fase: Entrevista persoal (máximo 3 Puntos)

Consistirá nunha entrevista persoal curricular con cada un dos aspirantes que versará sobre os méritos específicos adecuados as características do posto de traballo, esta fase puntuarase de 0 a 3 puntos.

Se soamente houbera un aspirante ou o baremo da fase de concurso arrovara unha diferenza de puntuación que non se puidera salvar coa entrevista, o tribunal poderá resolver a non celebración da mesma, proponendo directamente a contratación do aspirante que obtivo maior puntuación.

QUINTA. CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

A data da segunda fase proba práctica e da terceira (si procede) será o MARTES 02 DE OUTUBRO DE 2018 no Auditorio do pazo Emilia Pardo Bazán as 9:00 horas, (Podendo o Tribunal variar a data ou lugar, avisando a cada un dos aspirantes mediante teléfono e no Taboleiro e web do Concello).

SEXTA. ADMISIÓN DOS PARTICIPANTES E BAREMO MÉRITOS

A relación dos aspirantes admitidos e excluídos xunto co baremo de méritos que cada aspirante aporte (tras revisión da documentación e suma de méritos por o tribunal) publicarase no Taboleiro de Anuncios e web do Concello de Sanxenxo o 01 de outubro de 2018 (LUNS), aqueles aspirantes que non estén conformes co baremo deberán manifestalo na fase de entrevista persoal.

SÉTIMA. CONTRATACIÓN

O tribunal cualificador elevará proposta de contratación ó Alcalde-Presidente do Concello, a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta. Aprobada por decreto de Alcaldía a proposta do Tribunal, o interesado previa a sinatura do contrato, deberá aportar a documentación debidamente cotexada.

Os contratados deberán:

- Asistir a todas aquelas reunións que convoque a Dirección da Escola.
- Asistir as actuacións musicais e actividades organizadas pola Escola en horario extraescolar, tanto para proporcionar apoio loxístico como musical.
- A distribución das horas de traballo están suxeitas as modificacións que durante o curso poidan xurdir por necesidades organizativas da Escola.

OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal, que en ningún caso poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas, para que se considere validamente constituído, este deberá estar formado por o menos por tres persoas das que o compoñen, sexan titulares ou suplentes.

Estará integrado por:

Presidente: Juan Manuel Collazo Quinteiro.
Secretaria: Maria del Pilar Simeo Gijón.

Vocais: Francisco Javier Mora Souto.
David Garrido Caneiro.
Iago Lariño Rodal

Técnicos/Asesores: Técnico escola de música municipal.
Técnico de emprego / persoal do Concello de Sanxenxo.
Membro da banda de música de Sanxenxo.

Suplentes: Luís Ángel Sabaríz Rolán.
Teresa Reyes Martinez.
Teresa Amado Moldes.
Aquilino González Pérez.
Casimiro Garrido Vizoso.

NOVENA. INCIDENCIAS

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases.

Sanxenxo, 21 de setembro de 2018.

O presidente,

Temo Martín González.

(ANEXO I - INSTANCIA / AUTOBAREMO)

TENDO COÑECEMENTO DO ANUNCIO / CONVOCATORIA PUBLICADO NO _____, PRESENTO:

INSTANCIA E RELACIÓN DE MÉRITOS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE:

ESCOLA DE MUSICA / MATERIA: _____

1º Apelido: _____ 2º Apelido: _____ Nome: _____

NIF nº _____ Data de nacemento: __ / ____ / 19 __ SEXO: F M

DOMICILIO: _____ Localidade: _____ Provincia: _____

Teléfono / s: _____ E-mail: _____

1º) SOLICITO, tomar parte no devandito procedemento selectivo.

2º) MANIFESTO, que son certos os datos consignados nesta solicitude e reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para participar na convocatoria.

3º) AUTOBAREMO, declaro certos os datos e comprométome a aportar orixinais/compulsa antes do inicio do contrato:

4.1.a) Por te-lo Título Superior da especialidade, a que se presenta o aspirante **0,5 puntos.**

4.1.b) Por ter outras Titulacións Académicas en Música distintas as alegadas na solicitude **0,25 puntos.**

4.1.c) Por prestar servizos na Administración Pública, en posto de traballo relacionado co da presente convocatoria, 0,1 puntos por cada mes de traballo, ata un máximo de 1 punto.

Administración Pública	Duración meses	Puntuación
TOTAL		

4.1.d) Por asistencia a cursos como activo, sobre materias relacionadas coa especialidade a que o aspirante se presenta, cunha duración superior ou igual ás 20 horas 0,15 por curso realizado ata un máximo de 0,75.

Curso	Puntuación
TOTAL	

e) Coñecemento do idioma galego (Só se puntuará o curso superior alegado e xustificado).

- Por curso de Iniciación:0,25 puntos
- Por curso de Perfeccionamento:0,50 puntos

TOTAL BAREMO (4.1 a+b+c+d+e):

En Sanxenxo a _____ de _____ de _____,

--

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un ficheiro cunha finalidade de selección de persoal, e se lles reconece a posibilidade de exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición enviando comunicación ao Concello de Sanxenxo, Rúa Consistorio número 2 –4, 36960 – Sanxenxo.
Os interesados autorizan ao Concello de Sanxenxo a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados.